# 3. HOSPITAL NA CASA

Desenvolvemento das ferramentas necesarias para a **asistencia domiciliaria axeitada** ás necesidades do paciente e co máximo grao de calidade.

Os aspectos que se priorizaron son:

- **Historia clínica electrónica a domicilio**.
- **Cobertura a pacientes institucionalizados**.
- **Sistemas de comunicación co domicilio** do paciente e rexistro de constantes vitais.

O resultado é unha plataforma informática que permite o **seguimento en tempo real do paciente dende a súa casa** e a indicación de instrucións (por exemplo, a modificación de doses de fármacos prescritos) por parte dos profesionais do Sergas. O paciente ten acceso a ela a través dun **interface intuitivo e totalmente personalizado** que evita visitas recorrentes ao hospital para cuestións de rutina.

As probas piloto foron realizadas nas Estruturas Organizativas de Xestión Integrada (EOXI) de **Ourense-Verín-O Barco de Valdeorras y A Coruña**.